

MEDIOEVO Y LITERATURA

Actas del V Congreso de la Asociación
Hispanica de Literatura Medieval

(Granada, 27 septiembre - 1 octubre 1993)

Volumen III

Edición de Juan Paredes

GRANADA
1995

© ANÓNIMAS Y COLECTIVAS.

© UNIVERSIDAD DE GRANADA.

MEDIOEVO Y LITERATURA.

ISBN: 84-338-2023-0. (Obra completa).

ISBN: 84-338-2024-9. (Tomo I).

ISBN: 84-338-2025-7. (Tomo II).

ISBN: 84-338-2026-5. (Tomo III).

ISBN: 84-338-2027-3. (Tomo IV).

Depósito legal: GR/232-1995.

Edita e imprime: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Granada. Campus Universitario de Cartuja. Granada.

Printed in Spain

Impreso en España

Narracions galegas da *inventio* do sepulcro xacobeo

Imos referirnos a unha serie de textos producidos en ámbito compostelano, escritos en latín e en galego, que xiran arredor da *inventio* do sepulcro do Apóstolo Santiago. Concretamente, os textos que imos comparar forman parte da “Concordia entre o Bispo D. Diego Páez co Abade de Antealtares, Faxildo”, de 1077 (=CA), do *Cronicón Iriense*, de c. 1090 (=CI), da *Historia Compostellana*, de primeiros do s. XII (=HC), da *Historia Iriense*, de 1444 (=HI), que se corresponde coa da *Crónica de Santa María de Iria*, trasladada por Ruy Vázquez en 1468 (=CSMI), e finalmente, dúas versións serodias destes textos, unha é a que denominaremos provisoria e convencionalmente *Fragmento tardío da Historia Iriense* (HIT), que debe proceder dos fins do s. XVI ou os primeiros do s. XVII, e a outra o Prólogo da *Memoria que contem a fundacion dos Cambeadores da Iglesia de Santiago* (=LC)¹. Imos referirnos tamén ó “Privilexio de D. Diego Xelmírez ó mosteiro de San Martín Pinario”, de 1115 (=PX) e soamente imos tocar de pasada o contraste das devaditas versións coa ofrecida na *Historia Karoli Magni et Rotholandi* ou *Pseudo-Turpín*² sobre a recuperación da tumba e a restauración do culto a Santiago en Compostela.

Como se ve, os textos en latín foron escritos arredor do 1100 (ou sexa, nos primeiros momentos de auxe do fenómeno das peregrinacións a Santiago), mentres que os textos en galego apareceron entre a metade do século XV e os principios do século XVII (isto é, en plena decadencia e transformación do fenómeno xacobeo). A maior parte deles están encaixados en obras de carácter histórico, *crónicas* (CI, HC, HI, CSMI, HIT), pero tres están contidos en instrumentos

1. Os detalles bibliográficos sobre as edicións destes textos tidas en conta atópanse en nota no apéndice no que os reproducimos.

2. Como é sabido, a versión máis antiga deste texto é a contida no Libro IV do *Codex Calixtinus* compostelán, de mediados do s. XII. A edición máis completa do *Pseudo-Turpín* é a de Meredith Jones, *Historia Caroli Magni et Rotholandi ou Chronique du Pseudo-Turpin*, Paris, 1936.

diplomáticos (*CA*, *PX*, *MLC*). Como veremos, a tradición textual na que nos imos mergullar exemplifica á perfección o carácter transxenérico da literatura medieval, pois non só atoparemos casos de introducción dunha *narratio* histórica, “asimilable a cualquier texto narrativo en cuanto a los problemas que suscita” (López Alsina 1988:43), nun diploma (*CA*), senón que tamén veremos como unha narración contida nun diploma se reencaixa nun relato histórico (*CI*, *HC*).

Obviamente, nós enfocaremos o estudio dos textos canto transmisores dunha lenda, sen preocupámonos pola verificación histórica do seus contidos, o cal é obxecto dunha imponente bibliografía, que só parcial e indirectamente se verá reflectida na nosa. Por outra banda, para a discusión sobre a inxenuidade das versións que posuímos dos textos véxanse as notas do presente traballo.

1. OS RELATOS: DA “REVELATIO” ‘A “INVENTIO”.

Antes de detérmonos nunha análise máis minuciosa dos textos, imos tomalos polo seu valor *facie prima*, e resumir o seu contido subliñando os puntos esenciais.

1.1. *O Concordia de Antealtares*.

O texto está contido na parte narrativa dun documento de avinza entre o bispo de Iria residente en Compostela, Diego Páez, e o abade do mosteiro de Antealtares (que se atopaba anexo ó muro oriental da igrexa do apóstolo), Faxildo. O motivo inmediato do acordo foi o comezo das obras de construción da nova basílica románica de Santiago (1075), que afectaban ás instalacións de Antealtares e obrigaran a derruír varias dependencias do mosteiro, entre elas a cela onde, segundo se dicía, se aloxara o ermitán Paio. O documento está suscrito por Afonso VI e outros persoeiros da súa corte. O primeiro parágrafo refírese á morte de Santiago e a translación do seu corpo segundo a “Epistola Leonis”, tradición e textos que non nos van ocupar neste traballo.

A *inventio* dátase tomando como referencia o reinado de Afonso o Casto. Primeiro, un anacoreta de nome Paio, que vivía non lonxe do lugar onde permanecía soterrado o corpo do Apóstolo, recibe unha revelación en forma de oráculos anxélicos³. Despois, moitos fegreses da igrexa de Lovio ven unhas luces sagras,

3. O texto non aclara cal foi o contido da revelación. Incluso se pode deducir da súa letra que o feito de que por alí estaba soterrado o apóstolo era máis ou menos coñecido. ELORDUY, que ignora o *CA*, comentando a *HC*, defende a hipótese de que o achado da tumba apostólica non foi o resultado dunha *inventio* precedida de *revelatio*, senón que “todos sabían máis o menos la historia venerable del lugar” (1962:327).

toman consello e decídenlle comunicar a santa visión ó bispo de Iria, Teodomiro. Este acode ó lugar, fai un xaxún de tres días, e descobre, acompañado de moitos fieis, o sepulcro de Santiago, cuberto de pedras de mármore. Cheo de ledicia, marcha lixeiro a darlle a nova ó rei, e instáurase o culto ó Apóstolo Santiago naquel lugar.

1.2. *O Cronicón Iriense.*

O Cronicón Iriense é un catálogo de bispos da diocese de Iria-Flavia desde os mediados do s. VI ata os finais do s. X, onde se dá cabida a noticias sobre reis, e se presta cabida considerable a prodixios e milagres. O motivo da súa compilación parece que foi a definitiva traslación da vella sé episcopal de Iria a Compostela, sancionada por Urbano II no Concilio de Clermont-Ferrant (1095). O relato que nos interesa, moi esquemático, oficialista e sen pormenores, sitúase no episcopado de Teodomiro e no reinado de Afonso o Casto.

O primeiro parágrafo relata que, despois de que Deus quixo revelar e mostrar o sepulcro do apóstolo a Teodomiro, comunicóuselle a nova a Afonso II, que veu de contado ó lugar, ofreceu dons e fixo couto para a Igrexa de Santiago, conferindo a Teodomiro e os seus sucesores na sé a dignidade e tal igrexa. Todo o parágrafo ecoa o documento das “tres millas”, presuntamente outorgado por Afonso II a Teodomiro no 829, tal como nolo ofrece o *Tumbo A* da Catedral de Santiago⁴ (*vid.* apéndice).

4. O doc. atópase no fol. 1v. do *Tumbo A* da Catedral. Segundo LÓPEZ ALSINA (1985a: 121 e ss), os fols. 1-40 do *Tumbo A* foron copiados no ano 1129, baixo a dirección do tesoureiro da catedral Bernaldo Estévez, home de confianza de Diego Xelmírez. “Sobre a inxenuidade dos diplomas reais desta primeira compilación pesou sempre unha reserva crítica [...] Se ben é posible que a capacidade técnica dos *scriptores* do *Tumbo A* non fose perfecta, cremos que a súa vontade de fidelidade textual é absoluta. [...] O exemplo máis significativo é o do primeiro documento do *tumbo*: o diploma de Afonso II do ano 829. Quizais chame a atención a súa escasa solemnidade, pero esta simplicidade diplomática non impide consideralo irreprochable en tódolos puntos do seu contido histórico” (1985a: 126-7). Pola contra, para García Álvarez, no *Cronicón Iriense* “se resume un diploma auténtico de Alfonso II, otorgado con ocasión de aquel fausto acontecemento; diploma que, según estimo máis que probable, debíu de servir de modelo al documento apócrifo atribuído al mismo monarca, relativo a la concesión de las tres millas, y que encabeza el famoso *Tumbo A* de Santiago” (1963: 85). Con todo, ó referirse ó parágrafo do couto, sostén “A mi ver este parrafillo no es más que un extracto de un documento, y de un documento que, me atrevo a añadir, podemos considerar irreprochable. Más aún; pienso que tal escritura, que debemos considerar perdida, debió de servir de modelo al diploma de Alfonso II del 829 [...] cuya falsedad es notoria” (1963:168). Xa que logo, tanto se consideramos que o traslado do diploma “das tres millas” que conserva o *Tumbo A* é completamente inxenuo, coma se o consideramos unha falsificación, o importante é que tal diploma debeu de existir nunha forma máis antiga, contendo uns termos aproximadamente similares ós que recollen o *CI* e o *Tumbo A*.

O segundo parágrafo presenta unha curiosa discusión toponímica e etimolóxica, a primeira que coñecemos sobre un tema que máis tarde faría correr moita tinta⁵. A discusión semella moi característica do gusto erudito dos compiladores do *CI*, e exemplifica a popularidade que os temas troianos estaban adquirindo na Galicia da época⁶.

O terceiro parágrafo cóntanos que Teodomiro foi feito primeiro pontífice de Santiago, e introdúcese unha referencia a Carlos Magno, a primeira na documentación compostelá. Despois fálasenos dunha entrevista de Afonso o Casto, (inmediatamente?) antes da súa morte, con Carlos en Asturias.

1.3. *A Historia Compostellana e o Privilexio de D. Xelmírez.*

A Historia Compostellana é unha crónica do bispado de Diego Xelmírez, redactada entre c. 1110 e c. 1140 por diversos autores, que seguiron patróns literarios parcialmente diferentes. De seguirmos a opinión dun dos máis recentes estudiosos, a parte que nos interesa da *HC* formaría parte do proxecto inicial da obra, a compilación dunha *Gesta Compostellana*, e tería sido redactada c. 1110 polo tesoureiro Munio Afonso⁷.

O texto en cuestión, despois de referirse ás circunstancias que motivaran o abandono e esquecemento da tumba apostólica, conta, nun estilo retórico característico xa do s. XII e ó mesmo tempo sen insistir en elementos prodixiosos, que

5. Sobre o topónimo *Compostella* vid.: PORTELA PAZOS (1957), GARCÍA ÁLVAREZ (1960), GARCÍA ÁLVAREZ (1961), PIEL (1962), BARREIRO SOMOZA (1987:114-117), FLETCHER (1992:80). Sobre *Libredón*: PORTELA PAZOS (1957), MORALEJO LASSO (1977: 169-186). Sobre *Arcas marmóricas*: BARREIRO SOMOZA (1987: 117-118), DE MENACA (1987: 65-77). O topónimo *Liberum donum* aparece tamén tratado en varios dos traballos citados. 'A parte do *CI*, aparece tamén no Calixtino, nunha recensión do *pseudo-León* "en consecuencia, el topónimo *Libredón* hubo de surgir antes del siglo XII, lo más pronto a finales del XI" GARCÍA ÁLVAREZ (1963: 87). "Su empleo se documenta por primera vez en el Iriense, ca. 1080, y se repite después en HC I, I (Fl. 6)... Frente a lo que sucede con los otros topónimos, *Liberum Donum* figura únicamente en fuentes de tipo narrativo, nunca en documentos. Explícitamente se intenta presentarlo como un nombre antiguo, vigente en el momento de la *translatio* del cuerpo de Santiago. Parece bastante probable que nos encontremos ante una simple creación literaria, urdida en el siglo XI con la clara finalidad de presentar el espacio territorial de la ciudad de Compostela, como un bien donado íntegra y libremente (*Liberum Donum*) al Apóstol, ya no por Alfonso II en 834, sino por una matrona galaicorromana [...] El uso de *Libredón* podía indicar el reflejo de un ambiente existente en el siglo XI en la iglesia de Santiago tendente a reivindicar la plenitud del señorío sobre la ciudad." LÓPEZ ALSINA (1988: 118).

6. Cfr. MENÉNDEZ PIDAL (1943:125).

7. Vid. LÓPEZ ALSINA (1988:46-93), onde se envía á bibliografía relevante. A recente editora do texto, FALQUE REY (1988: xiii-xix) asume que o redactor de I, 1-3 foi Xiraldó, e non Munio Afonso, o cal nos situaría nunha data máis adiantada (c. 1140?). Para DÍAZ Y DÍAZ (1983:67 ss.), o prólogo ó Libro I foi escrito por Munio Afonso, e logo retocado por Xiraldó. Con todo, os argumentos de López Alsina a favor de Munio Afonso seméllanos de abondo convincentes.

foi en tempo de Teodomiro cando Deus se dignou a revelar o corpo do Apóstolo para honrar a Igrexa occidental. Uns persoeiros e varóns de grande autoridade lle contaron ó bispo que moitas veces vían lumes arder de noite nun monte, en que tamén aparecían anxos. O bispo foi ó lugar e viu as candeas cos seus propios ollos. Inspirado pola gracia divina, entrou na fraga e atopou entre o mato unha casoupa de mármore⁸ que contiña unha tumba. Dando gracias a Deus polo descubrimento, dirixiuse ó Rei, que veu lixeiro, restaurou a igrexa de Santiago, e conmutou, con moitos bispos, nobres e privilexios, o bispado de Iria para aquel lugar. Segundo Elorduy (1962: 326), a narración contida na *HC*, I.2 está tomada dun documento anterior, de data descoñecida⁹, e nela “no hay ninguna revelación por parte de nadie”¹⁰. A *HC*, que non ignoraba o *CI*, afirma que, segundo contaba moita xente, todo isto acontecera en tempos de Carlos Magno.

Polo que atingue ó *PX*, nunha breve introducción narrativa a un documento outorgado polo aínda bispo Xelmírez ó mosteiro de S. Martiño Pinario, relátase rapidamente que despois do santo enterramento do Apóstolo Santiago en Compostela e a súa revelación ó bispo Teodomiro, en tempos de Afonso o Casto e de Carlos Magno, consagrouse a igrexa, divulgouse o achado e trasladouse a sé do bispo iriense ó lugar apostólico.

1.4. *Historia Iriense* (= *Crónica de Santa María de Iria*).

A *Historia Iriense* debeuse de escribir pouco antes da metade do s. XV, pois o manuscrito máis antigo de que temos noticia é de 1444. A *HI* consiste basicamente nunha traducción do *CI*, con engádegas da *HC*, e, na versión de Rui Vázquez de 1467, con interpolacións de referencias a fenómenos contemporáneos relacionados coa II Guerra Irmandiña. No treito que nos ocupa, ante a parquidade da *CI*, o redactor da *HI* recorreu á *HC*, que segue nas liñas xerais, aínda que rebaixando o ton ampuloso da súa retórica, engadindo algúns detalles e recargando a atmosfera de prodixio do relato.

Canto ás características do relato da *HI*, o primeiro que notamos é a falta do nome de Teodomiro, ó principio de parágrafo, *lapsus* que aparece, ata onde

8. A puntuación de Flórez é enganosa: *marmoram* vai con *domumculam* e non con *tumbam*.

9. Advértase que ELORDUY (1962) ignora a *CA*, pero, segundo a nosa opinión, a *narratio* contida nesta ecoa na *HC*.

10. Segundo o mesmo autor (1962:326), que salienta a pouca importancia que se lle concede ó marabilloso nesta narración, “hay visiones nocturnas de luces en el bosque y visiones de ángeles, pero sin cantares ni conversación alguna. Las apariciones de luces sólo tienen por objeto justificar la entrada de Teodomiro en la selva sagrada.”.

podemos aseguralo, en tódolos manuscritos coñecidos da obra, o cal parece a apuntar que xa se atopaba no arquetipo. Nesta versión, as luces que ven os persoeiros non se apagan nin de día nin de noite. Remárcase que o bispo non só viu tales “candeas luminarias” cos seus ollos, senón que tamén oíu “cantares dos anxos”, detalle que remite á *CA*. Entrou na fraga e descubriu a tumba, que, segundo se nos detalla, levaba alí agochada oitocentos anos e non uns cen como presupón a *HC*. Pero despois da *inventio*, a *revelatio* de que se trataba da tumba do apóstolo só se produciu despois de o bispo orar e xaxuar (pormenor que de novo parece remitirnos á *CA*, pois non se atopa nin no *CI* nin na *HC*). O resto da narración combina xa os textos das dúas fontes cronísticas, máis da primeira ca da segunda, sen engadir nada novo, agás quizais esa especificación de que Deus tivera por ben “iluminar toda España”, e omitindo a solución que lle dá o *CI* á cuestión etimolóxica.

1.5. *A Historia Iriense tardía e a “Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores”*.

Da que demos en denominar a *Historia Iriense tardía* só conservamos un pequeno fragmento, transcrito no s. XVIII polo historiador Francisco Xavier de la Huerta y Vega¹¹ ó tratar da “Invención de el cverpo sagrado de el Apostolo Santiago”, que corresponde xustamente coa sección que nos interesa. Esta versión serodia da *Historia Iriense* segue basicamente o seu predecesor inmediato, aínda que introduce algunhas novidades: na fórmula de datación faise referencia ó Papa León III (no que vemos unha tentativa de integración da Epístola do Pseudo-León no relato), retómase a *CA*, aínda timidamente, pero con máis concreción cá *HI* (fálasenos dunha revelación previa a “un home e presonas santas”); finalmente, o obxecto da *inventio* son “tres moimentos” e non un só, o corpo do Apóstolo áchase “enteyro coa Cabeza”, e a pé del, o seu bordón de romeiro, e un curioso *petrefedis*¹² que o identifica sen lugar a dúbidas.

Aínda que quere presentarse como un texto do s. IX, a *MLC* escribiuse como limiar dun *Libro da Confraría de Cambeadores de Santiago*¹³, compilado entre

11. HUERTA Y VEGA (1736:311).

12. Obviamente, trátase dun cartel ou letreiro, pero quero salienta que non atopei a palabra documentada en ningures.

13. LÓPEZ (1916:106) ofrece o título *Liuro do Çirial de ssante Ilafonso que he da cofraria dos cambeadores*. Vid. o seu estudio, onde ofrece unha lectura dos fols. 2v-4r do códice e considérao escrito nos mediados do s. XV. Sobre a “Memoria” vid. o meu artigo Monteagudo (en prensa).

1383 (aínda que nel se copiaron asentos anteriores, de 1303 a 1335), e 1592¹⁴. O máis verosímil é que o texto fose amañado en 1624 e engadido polo principio ó propio *Libro*, pois nesta data realizouse un traslado do libro, que tiña a primeira folla ilexible “Fué entonces cuando [...] se introdujeron algunas especies fabulosas, como lo referente á san Cecilio, á los Españas, á los Temes, los Boanes, etc., en las cuales vieron satisfechos los poseedores del Códice, que solían ser los más antiguos entre los Cofrades, su vanidad y sus pruritos genealógicos” (LFH II: 17-18, en nota). O texto foi reproducido enteiramente por Huerta y Vega (1736:311-12, 342-3), aínda que temos noticias del a través doutros historiadores sete e oitocentistas, e no século XIX deu pé a unha abundante bibliografía¹⁵.

O primeiro parágrafo presenta a narración, ofrecendo numerosos detalles topográficos da localización da tumba apostólica: no meo do Monte do Burgo de Libredón, baixo o Castro de san Fiz de Solovio. A seguir, danse indicacións demográficas e topográficas do primitivo lugar de San Fiz, e da fraga onde se atopaba a tumba apostólica. Remárcase a espesidume dos robres, e concretamente a abundancia de robres no lugar, particularmente dun meirande. Outra novidade é o brillo de estrelas, e sobre todo dunha grande estrela enriba do robre máis alto. Polo demais, os personaxes da narración son o Ermitán Paio (que non aparecera nos relatos desde a *CA*), que avisa dos prodixios (lumes, cantos, estrelas) ó Bispo Teodomiro, quen, segundo se nos aclara, viña sendo descendente dun nobre apelidado España. Ofrécense precisións cronolóxicas sobre a vinda deste, acompañado de presbíteros, e sobre as cerimonias que se realizan en san Fiz, e de como o grande robre e a estrela serviron de pista para que o bispo e os seus acompañantes atopasen o que se denomina como Santa Cova. Precísanse pormenores arquitectónicos da tal Cova (que contiña tres moimentos), onde os presentes oraron e xaxuaron, e por inspiración divina decidiron abrir o principal dos tres moimentos da Santa Cova, e atopáronse co corpo do Apóstolo. Suxírese que o identificaron por ter a cabeza cortada (non esquezamos que Santiago Zebedeu

14. Vid. C. VAAMONDE LORES (1934-36: 98-107, especialmente nota 2 das páxs. 106-7). Segundo información verbal que amablemente me adiantou M^º Xosé Justo, Directora do Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, actualmente custodiase no devandito Arquivo Histórico un *Libro da Confraría dos Cambeadores* que corresponde parcialmente co descrito por Vaamonde Lores, pois está escrito en pergamiño e papel, e contén documentos dos ss. XV e XVI. A mesma estudiosa me comunicou que na Colección Vaamonde Lóres do Arquivo do Reino de Galicia na Coruña se custodia o que semella ser outra parte do *Libro dos Cambeadores*, onde se conteñen, entre outros, documentos do s. XIV. A mesma M^º X. Justo está a preparar unha edición de entrambos códices, que publicará o Consello da Cultura Galega. En todo caso, no que respecta á nosa “Memoria”, non aparecen rastros por ningures en ningún dos dous códices.

15. Realizamos un estudio demorado da *MLC* no noso traballo Monteagudo (en prensa), onde ofrecemos unha lectura crítica e remitimos para máis bibliografía.

morrera decapitado) e un bordón. Para que non quedasen dúbidas, viron un letreiro, escrito en grego e latín, que identificaba sen ningunha dúbida o Apóstolo. Para explicar a presenza do corpo deste en tal lugar, resúmese a lenda da raíña Lupa (o cal remite para o *Pseudo-León*).

O bispo deu aviso ó rei, que fixo a aquel señor do lugar. Ante a avalancha de xente que comezou a peregrinar ó lugar, a diversidade de moedas que empregaban nos seus donativos e a proliferación de bandidos e ladróns que atacaban os romeiros, o rei mandou o seu capelán maior Brandela (este nome remite ó *Diploma das tres millas* de Afonso II) para que formase unha corporación de doce fidalgos que protexesen os romeiros e lles cambiasen as moedas. A seguir, ofrécense detalles da organización de tal corporación, e dásenos a lista dos doce fundadores do que máis adiante sería o gremio dos cambecedores, encabezada por un tal Urenacido de España.

Como se ve, o relato da *MLC* continúa a liña de progresiva ampliación da lenda comezada pola *HI*, que lle serve como núcleo (e que á súa vez combinara xa o da *HC* co do *CI*, con detalles da *CA*), continuada pola *HIT*, retomando explicitamente e por extenso a *CA*, e engadíndolle moitos detalles topográficos, cronolóxicos e escénicos, sobre os que volveremos. Finalmente, hai que sinalar que omite toda referencia a Carlos Magno.

2. CONSTANTES E VARIANTES DA LENDA DA INVENTIO.

2.1. *Os elementos constantes da lenda.*

É o momento de que fagamos unha revisión dos elementos da lenda que se repiten nas versións máis importantes.

1) A datación do acontecemento en tempos de Afonso II e do bipo Iriense Teodomiro, aínda que a estes dous persoeiros se lles atribúen papeis de importancia e función diferente segundo o relato.

2) A insistencia en presentar o lugar onde se descubriu o sepulcro apostólico, sempre próximo a San Fiz de Solovio, como un lugar completamente abandonado, o cal xustifica que a súa presenza non fose patente ata o momento do seu achado. Na *CA* isto non aparece especialmente subliñado, e o abandono do lugar só se infire da presenza do ermitán¹⁶. Os textos posteriores remarcan de forma

16. “No se podía presentar como una *inventio* el descubrimiento de un necrópolis y de un edificio singular dentro de ella, en el supuesto de que todavía estuviese en uso el cementerio. La presencia de un ermitaño en una zona especialmente frondosa contribuye a reforzar la impresión general de retiro y soledad”, ALSINA (1988: 108).

máis insistente o carácter inaccesible do lugar, debido á frondosidade da fraga que o cubría. A *HC* (que, como sabemos, ignora o anacoreta) fala da “fruticum sylvaque spisitudine”, do “nemore quod super Beati Iacobi tumbam diurna vetustate excreverat”, e de que a “domumculam” xacía “inter sylvas et frutices”; a *HI* e os textos dependentes refírense a “un monte mui espeso de muitas arbores e silvas”, da “espesidue do monte”. Só a *MLC* se atreve a detallar que a fraga era unha carballeira, inzada de “robres muito furiosas”.

3) Os oráculos anxélicos: se cadra, na *CA* habería que interpretar a primeira mensaxe anxélica como unha revelación en soños (Díaz y Díaz 1988:17, n. 9). En versións posteriores, os oráculos transformáronse en aparicións de anxos (*HC*), en cantares dos anxos (*HI*, *HIT*), ou en simples cantos que se oían no lugar (*MLC*). No último dos textos citados, a importancia destes cede ante o brillo das estrelas.

4) As *luminarias*: por este termo debemos entender as candeas que alumeaban o interior dos templos¹⁷; como de feito mostra, entre outras, a miniatura do *Tumbo A*¹⁸. F. López Alsina suxire, coidamos que acertadamente, que probablemente, “las *luminarias* podrían haber sido interpretadas como un requerimiento apostólico para que se restaurase su sepulcro en el edículo” (1988: 107, n. 21). A isto engandimos nós que a presenza de anxos cantando reforza a imaxe de que unha comunidade monástica de anxos se ocupaba da tumba do apóstolo mentres estaba abandonada, o cal suxire que debe ser unha comunidade monástica humana a que o faga de alí en diante. A identificación das luces como *luminarias* é constante nas diferentes versións (“grandes lumes de candeas”, “candeas luminarias” na *HI*), ata que o *MLC* as transforma en “lumes e estelas”, nas que salienta unha “estela mais grande que as outras”.

5) A presentación do suceso como unha *inventio* consecuencia dunha *revelatio*, sen maiores explicacións acerca das razóns que moveron a identificar o sepulcro e os restos que contiña como derradeira morada terrenal dos desposos do Apóstolo Santiago. Esta ausencia de explicacións, desconcertante para o lector actual¹⁹,

17. “las *luminarias* aparecen en los textos de la época como las lámparas que iluminan el interior de las iglesias y contribuyen al brillo y esplendor de las ceremonias litúrgicas”, LÓPEZ ALSINA (1988: 119-20).

18. Unha miniatura moi similar atópase iluminando unha copia da *Historia Compostellana*, a no ms. 2658 fol. 14r da Universidade de Salamanca.

19. *Vid.* por exemplo LÓPEZ ALSINA: “Desconcerta la preocupación de las fuentes posteriores por mostrar más atención al continente que al contenido. Sin duda mencionan el hallazgo del sepulcro del Apóstol, pero la intensidad narrativa se concentra preferentemente en la forma, el aspecto, la decoración y los elementos constitutivos del edículo que lo cobijaba [...] desde el primer texto conservado, el documento del año 834 que abre el Tumbo A, las claves que manejaron los contemporáneos y que les condujeron a la identificación del sepulcro y a su atribución al Apóstol Santiago se presenta invariablemente como *revelatio*. La capacidad de convicción no se hace depender de la acumulación de evidencias y testimonios, sino de la fuerza misma de la voluntad divina que dispuso el acontecimiento” (1988: 111, 119)

tense explicado segundo dúas liñas diferentes. Para Elorduy, débese simplemente a que en realidade non houbo tal *inventio*, senón que o lugar aproximado do soterramento do apóstolo era coñecido de vello. Segundo este autor “El *descubrimiento* es una auténtica leyenda progresiva” (1962: 327). Desde logo, hai que recoñecer que a lectura dos textos máis antigos consente esta interpretación. Endebén, a maioría dos estudiosos do tema coida que a despreocupación por xustificar a identificación dos restos achados como os de Santiago Zebedeu é perfectamente esperable nunha *narratio* medieval deste tipo: “prescindiremos de toda hipótesis sobre este evento porque las necesidades de explicarlo las sentimos nosotros, no las gentes del siglo IX que dieron por maravillosa, con pasmo pero sin extrañeza, la noticia del hallazgo de las sepultura que contenía las reliquias jacobeanas” (Díaz y Díaz 1988:21). De feito, unha especialista en miraculística medieval, Benedicta Ward, referíndose tanto ás disquisicións sobre os milagres bíblicos dos comentaristas da Biblia coma ós predicadores e os compliadores de libros de milagres advírtenos que a preocupación por explicar os seus detalles soamente comeza a xurdir no s. XIII, cando se produce un “shift of emphasis from an exclusive concern with the lessons to be drawn from an event, to the question of the event’s mechanics: not ‘why is that said?’, but ‘how can that have happened?’. This *quomodo* questioning was to attain popularity in the thirteenth century...” (Ward:22-23). Concretamente, polo que se refire a milagres atribuídos a un santo ou santuario particulares: “The miracles of a particular saint and a particular shrine [...] were primarily advertisements for the shrine or the saint... it would be vain to look there for an interest in the events in relation to probability or doctrine” (1987:30-1). Mesmo, “the mainstream of apprehension of events that is found particularly at the great shrines was to see miracle as a normal explanation, and the one to be preferred [...] Popular expectations of the miraculous in every kind of situation could be focused on shrines and their saints” (1987:32).

2.2. Os elementos variantes da lenda.

Imos referirnos agora ós elementos da lenda que presentan variacións de relevo dunhas a outras versións:

1) O eremita Paio: O anacoreta aparece como o protagonista dunha primeira *revelatio* no texto da *CA*, pero auséntase das *narrationes* ata fins do s. XVI ou primeiros do XVII, cando reaparece anonimamente na *HIT* como “un home e personas santas”. A súa supresión da *HC* debe responder ó completo predominio desde os finais do s. XI do punto de vista e os intereses do clero catedralicio sobre os monxes de San Paio, e probablemente tamén á destrución do seu suposto oratorio co gallo das obras da nova catedral románica. Probablemente, a propia

lenda de Paio estaba relacionada con tal oratorio, de maneira que a derruba deste condenaría a ó esquecemento. A reaparición de Paio nos textos tardíos ten que ver co afán por aducir documentos e tradicións antigos en favor das teses santiaguistas. De feito, sabemos que en 1435 se produciu un traslado da *CA*²⁰, pero seméllanos significativo que Jan Rodríguez do Padrón, o presunto redactor da *HI* (que como mostramos coñeceu a *CA*) non incorporase a Paio no seu relato.

2) O bispo Teodomiro e o rei Afonso II: na versión da *CA*, sendo Paio o destinatario da *revelatio*, Teodomiro aparece como protagonista da *inventio*, e o rei aparece cun papel relativamente secundario. Na *HC*, o protagonismo corresponde indubidablemente a Teodomiro, pero o papel do rei é moi importante, pois non só se limita a facilitar materialmente a restauración do culto e a adoptar este como importante para a coroa, senón que se nos presenta como auténtica co-testemuña do achado: o bispo faille chegar a nova “ut aiderat & propriis oculis viderat”, aínda que xa vimos que o achado está aquí case espido de elementos prodixiosos²¹.

3) Relación do feito con Carlos Magno: a figura do emperador franco aparece regularmente vencellada ó suceso desde fins do s. XI, pero dun xeito vago. Quizais o éxito da versión do *Pseudo-Turpín* na propia Compostela motivase o apagamento das lendas locais ata o s. XV. Na *HI* e na *CSMI* o papel de Carlos volve ser o que lle outorgaban o *CI* e a *HC*. A *HIT*, que lle fai un oco na fórmula de datación ó Papa León, aínda acolle nesta a Carlos, pero a *MLC* silénciao totalmente. As lendas carolinxias xa non interesaban en Compostela, ou mellor aínda, interesaba esgochalas.

4) As disquisicións etimolóxicas e a atención ós aspectos institucionais do descubrimento (relixiosos, legais, políticos) son características do *CI*, e serán recollidas polos textos catrocentistas, aínda que a explicación para o topónimo

20. A esta data remitíase a copia que editou CARRO GARCÍA (1949). Recentemente, descubriuse o tal traslado, realizado por Fernán Eans sobre o documento recollido no Tumbo de Antealtares. O traslado de 1435 custodiase no Arquivo Histórico Universitario (novas adquisicións). O seu contido é practicamente idéntico á copia que editou López Ferreiro, á que nos atemos nos apéndices. *Vid.* MORALEJO ÁLVAREZ & LÓPEZ ALSINA (1993: 250).

21. Non se esqueza que, segundo a *HC*, o culto do Apóstolo naquel lugar soamente desaparecera coa invasión musulmana, de maneira que a súa lembranza podía estar perfectamente viva a primeiros do s. IX. Neste punto insiste moito Elorduy, que ademais explica que despois de Teodomiro atopar a tumba “el prudente obispo ni así quiere tomar posesión de la capilla. Para ello quiere recabar la aquiescencia y aun la presencia de Alfonso el Casto en el santo lugar. Todas estas precauciones recuerdan las medidas conjuntas de los reyes y de los obispos en la tradición de los concilios de Braga, Lugo, y sobre todo de Toledo antes de tomar decisiones importantes. Lo interesante es que los historiadores o cronistas posteriores transformen la *importancia jurídica* de la presura de Compostela en la *importancia religiosa* que dan a los hechos las apariciones de luces nocturnas” (1962: 327).

compostela como *compositum tellus* que dá o *CI* non é acollida por estes, probablemente porque xa circulaba a etimoloxía *campus stellae*. A *HC*, consonte co seu carácter, soamente se fixa nos aspectos legais, políticos e relixioso-institucionais da cuestión.

4) A *HI* e a *CSMI* comezan a escalada de engadido de detalles que continuará na *HIT* e atingirá proporcións avultadas na *MLC*. Os textos catrocentistas seguen en liñas xerais a *HC* combinándoa co *CI*, pero recreando o ambiente de marabilla do relato que estas apagan, e arrequeñándoo con detalles tomados de *CA* (xaxún e oración de tres días previos á *revelatio* e a *inventio*) e modificando e engadindo detalles: a tumba, situada con precisión a “oito millas de Yrea”, levaba “oitocentos anos” agoçada (e non pouco máis de cen, como suxire a *HC*). Sobre estes, a *HIT* engade outros detalles, que en parte teñen que ver coa iconografía xacobeá (os tres Moimentos), e en parte coas preocupacións do momento: o Apóstolo achárono “enteyro co a Cabeza”, e “arrimado a el o seu Bordon, e cun Petrefedis con letras Latinas e Gregas”. Sobre estas novidades, a *MLC* acumula unha morea de detalles, que se relacionan por unha banda de novo coa iconografía compostelá (a estrela) e as tradicións locais (a lenda da Raíña Lupa) e por outra coas preocupacións específicas do texto, que pretende ligar a fundación do Gremio dos Cambeadores co achado da tumba apostólica, e ademais remontar as familias dirixentes daquela ós primeiros cambeadores, para o cal se introducen habelenciosamente os seus nomes entre os que aparecen no privilexio “das tres millas” de Afonso II. Así, adxudícaselle ó bispo Teodomiro a ascendencia do apelido España, que tamén leva o primeiro dos devanditos cambeadores. Un elemento novo que achega a *MLC* que nos intriga e que non sabemos explicar, é a insistencia nos *robres* e nun meirande cós outros.

3. DISCUSION E CONTEXTUALIZACION HISTORICA DOS TEXTOS.

3.1. *A Concordia de Antealtares.*

Por razóns non de abondo claras, o altar apostólico estivo encomendado desde os tempos do descubrimento ata ben entrado o s. XI a unha comunidade monástica, que erixiu un mosteiro, denominado de Antealtares, moi achegado á casoupa que contiña a tumba do apóstolo, e que mantivo a exclusiva na celebración dos cultos xacobeos ata que a foron suplantando os clérigos da comunidade catedralicia²². O que si nos consta é que cando se comezaron as obras da catedral

22. Vid. DÍAZ Y DÍAZ (1988: 24-5).

románica, o seu promotor, o bispo iriense Diego Páez, tivo que avirse a un acordo con esta comunidade monástica, entre outras cousas para poder derrubar a igrexa de Antealtares en orde a ampliar o tamaño da nova catedral, porque “siendo el altar mayor de la Catedral con el Sepulcro del Apóstol, que estaba debajo, el punto fijo de partida para trazar las proporciones de la nueva iglesia, el que había de dar la pauta y el módulo para establecer la debida relación entre las diversas partes del edificio, a él necesariamente había que atenerse”²³. Precisamente a *CA*, datada o 17 de agosto de 1077, é o documento que recolle este acordo. Subscríbena Diego Páez, Afonso VI coas súas irmás Urraca e Elvira, os bispos Gonzalo de Mondoñedo e Auderico de Tui, os condes Pedro Ansúrez e Froilán Díaz e outros magnates.

Os estudiosos que se teñen referido á *CA* indican que este é un texto de ambiente monástico, o cal explicaría que o destinatario da primeira revelación concreta fose precisamente un anacoreta (Díaz y Díaz 1988:18, n. 11), que constituiría o prototipo de vida santa para os monxes (López Alsina 1988:119). Para López Alsina, o texto representa o estadio máis antigo da lenda sobre o descubrimento do apóstolo, e tamén a súa forma tipicamente popular e local, é dicir, sen influencias eruditas nin estrañas, das que o abondoso fluír das peregrinacións deitarían sobre Compostela: “El candor y la ingenuidad que impregnan el relato, celosamente transmitido de generación en generación y, sin duda, mil veces repetido para los peregrinos, es, a nuestro juicio, la mejor garantía de su autenticidad” (López Alsina 1988: 120). Permítasenos consignar á marxe que quizais o candor e a inxenuidade non se atopen no texto, senón no seu escoliasta moderno.

Aínda que “subsisten problemas de autenticidade integral no documento que o transmite” (Díaz y Díaz 1988:25), o texto “bastante fiable” nos aspectos que nos interesan (Díaz y Díaz 1988:17, n. 8). O que nos chama a atención é que o primeiro texto que fai mención expresa da *CA* é a *Historia del Apóstol de Jesús Christo Sanctiago Zebedeo* (1610) de Mauro Castellá Ferrer, un pouco anterior á *MLC* (que, como xa vimos, tamén utilizou a *CA*) o cal, como pretendemos demostrar, non é ningunha casualidade. O texto coñecía-se desde antes, pois fora copiado do propio Tumbo do mosteiro de Antealtares en 1435. Ora ben, fora condenado ó ostracismo e quizais nunca traspasaran os muros do propio mosteiro desde os finais do s. XII, en que se impuxeran primeiro as versións na liña do *CI* e da *HC* (en que o protagonista do suceso era o bispo Teodomiro e o coprotagonista

23. LFH III:20. As pp. 20-23 explican os termos da “Concordia”.

o rei Afonso II), e despois as da liña do *Pseudo-Turpín*, en que o papel estelar, nunha narración completamente diferente, lle correspondía ó Emperador Carlos Magno.

Máis adiante deterémonos a explicar o sorprendente éxito deste texto nos comezos do s. XVII.

3.2. *O Cronicón Iriense.*

O *Chronicón Iriense* é, como dixemos, un episcopologio de Iria, redactado c. 1090, cando as xestións para o traslado oficial e definitivo da sé para Compostela estaban moi avanzadas. Xa deixamos anotado o sumarismo con que se refire á *inventio*, o cal se por unha banda pode semellar congruente co propio esquematismo da obra, non deixa de abraiar ó lado dos outros moitos milagres que acolle noutras partes.

O que salientariamos do *CI* é:

1) As referencias a Carlos Magno. Segundo o editor moderno do texto, “las alusiones a Carlomagno y a sus relaciones con el Rey Casto nos dicen inmediatamente que el autor del *Iriense* escribía en una época en que las leyendas carolingias comenzaban a circular por Santiago; es decir, las postrimerías del siglo XI, en que la boga de las peregrinaciones a Compostela, multiplicando los contactos entre españoles y franceses, facilitaban a los cronistas hispanos el material necesario para relacionar con Carlomagno importantes sucesos de los siglos VIII y IX” (García ‘Alvarez 1963:86). De feito, engadimos nós, débese ter en conta que no mosteiro de san Millán, moi preto de Nájera, isto é, do camiño de Santiago, a tradición carolinxia era coñecida c. 1070²⁴. Na mesma liña, López Alsina considera: “podemos pensar que en el *Chronicon Iriense* empieza a expresarse un grupo de clérigos que secundan la orientación filofrancesa de la iglesia jacobea propiciada por la colaboración Cluny-Alfonso VI y de la que es signo la llegada a Galicia de Raimundo de Borgoña [...] La deposición de Diego Peláez bajo sospecha de colaboración con los enemigos normandos, consumada en el concilio de Husillos de 1088, al que asiste el propio abad de Cluny, marca el momento más crítico de la implantación francesa en Compostela, que un sector eclesiástico. pretende no obstaculizar mediante la divulgación desde la propia iglesia de Santiago de la nueva interpretación cronológica del momento exacto del hallazgo del sepulcro. El triunfo posterior de a nuevas corrientes afianza esta

24. Vid. ALONSO 1954 *passim* e MENÉNDEZ PIDAL (1959: 353-410).

nueva versión y la incorpora al conjunto de relatos jacobeos que circulaban en la primera mitad del siglo XII” (1988: 110).

2) As disquisicións etimolóxicas sobre a toponimia compostelá, que aquí non nos interesan directamente, e ás que xa nos referimos.

3) O silencio nos detalles sobre a *inventio*, que como vemos, se ven substituídos polo emprego dun diploma do s. IX. De certo, semella inverosímil que o autor ou autores do *CI* descoñecesen a lenda da *CA*, polo cal temos que supor que a ignora deliberadamente, quizais porque ó círculo clerical que se vai formando na catedral de Compostela lle semellaba pouco compatible coa dignidade da sé apostólica ou quizais porque considerasen que relegaba a un papel secundario ó bispo en relación ó eremita²⁵.

3.3. *A Historia Compostellana e o “Privilexio de s. Martiño Pinario”*

A *HC*, aínda que se demora en detalles sobre a *inventio*, tamén ignora a versión da lenda recollida na *CA*, cando menos no que se refire ó eremita Paio. Do relato da *HC* parece deducirse que:

1) A lenda da *inventio*, fose na forma representada na *CA*, fose noutra similar, debía existir desde un tempo considerablemente anterior, pois semella difícil que se inventase *ex nihilo* con tanto luxo de detalles con que aparece na *HC*, en boa parte coincidente, ademais, coa *CA*.

2) Na *HC* detéctase unha clara retorización da lenda, congruente co novo estilo literario que se está impondo en Compostela por influencia francesa. Aínda máis, a lenda aristocratízase ostensiblemente²⁶, en conformidade co novo estatus e aspiracións do prelado e o clero catedralicio composteláns: o protagonista da *inventio* é un bispo, non un eremita, os copartícipes do prodixio xa non son os simples “*quampluribus fidelis in ecclesia sancti Felicis conmorantibus*” que viron os luces anxélicas, os “*fidelium caetibus agregatis*” que estaban co bispo cando o

25. Só se coincidimos con García ‘Alvarez en impugnar como falsa a *CA* podemos concordar co que este afirma: “Lo que importa aquí es consignar que el buen clérigo compostelano, a quien debemos el *Cronicón Iriense*, carecía evidentemente de detalles sobre las circunstancias en que el sepulcro fué descubierto, sobre los pormenores del hallazgo. Y este silencio tiene un gran valor negativo, porque nuestro cronista fue gustoso narrador de prodigios y milagros y no habría dejado de señalar los ángeles y las luces que se vieron sobre el lugar del sepulcro durante algunas noches anteiores a su descubrimiento, si en su tiempo se hubiese ya forjado el maravilloso relato.” (1963: 167).

26. “La Historia Compostelana poco después, con su carácter de crónica oficialista, habla también de luminarias y presencia de ángeles en las noches; en esta narración no se menciona a ningún anacoreta, sino a personas de nota que son las que denuncian el hecho al obispo”, DÍAZ Y DÍAZ (1988:17, n. 9).

achado. Agora son “personati & magnae auctoritatis viri” os que lle comunican as visións ó bispo, e el só o que descobre a tumba. Quizais no silenciamento do papel do eremita Paio influíse, ademais das intencións dos responsables da *HC*, o feito de que, coa destrución do seu presunto oratorio do eremito, se esvaera a memoria da lenda asociada a este oratorio.

3) Vólvese traer a conto a Carlos Magno, agora afirmando que hai “multibus referentibus” que falan del. O “Privilexio de Antealtares”, na brevísima referencia que fai ó suceso, tamén se refire a Carlos Magno, de maneira que semella claro que o nome deste emperador se está soldando ó da lenda da *inventio*, aínda que probablemente o clero compostelán non se decidira a adoptar ou non sabía como integrar nas tradicións locais a lenda do *Pseudo-Turpín*, atopárase esta no estado, máis ou menos embrionario, máis ou menos desenvolvido, en que se atopara²⁷.

3.4. Da *Historia Iriense* á “*Memoria dos Cambeadores*”

Xa levo tempo a recoller datos sobre a escura xénese e o complexo proceso de transmisión textual da *Historia Iriense*, polo que podo asegurar, coido que con coñecemento de causa, que os dous son temas que rebordan os límites deste traballo, polo que é preferible deixalos para outra ocasión²⁸. Como xa se comentou, a *HI*, que en xeral segue na primeira parte a *CI* e contra o final a *HC*, na sección que nos interesa combina os dous textos, introducindo elementos da *CA* e algúns pomenores de propia colleita. O que nos semella máis salientable é o feito de que a posta en circulación desta versión local da *inventio* da tumba compostelá

27. LÓPEZ ALSINA suxire outra explicación para a ausencia de Carlos Magno da *CA*: “Tres de las cuatro fuentes que abordan con cierta amplitud las circunstancias de la *inventio* coinciden en remitirla a los días del emperador Carlomagno. La llamada “Concordia de Antealtares” del año 1077 evita esta referencia cronológica. Podríamos pensar que para introducir en una *narratio* las raíces históricas de un conflicto particular entre dos comunidades eclesíásticas compostelanas diferentes no era indispensable ofrecer una cronología indirecta de carácter extrapeninsular. (1988:109). Pola nosa banda, coidamos que esta explicación é redundante e preferimos pensar que o vencellamento do emperador franco coa tradición xacobeá é posterior.

28. A versión coñecida máis antiga do texto, que é a que denominamos *Historia Iriense*, foi copiada en 1444 e máis tarde atribuída a Joan Rodríguez do Padrón (o copista setecentesco do traslado que se conserva na Biblioteca Vaticana escribe ó final, no fol. 18v “Fin do libro dos Bispos de Yrea e Santiago que entendo compo Jan Rodriguez de Padron”). Esta versión, chegou a nós gracias a unha copia realizada no s. XVII para o Cronista Real Tomás Tamayo y Vargas, que se conserva na Biblioteca Vaticana. En 1467, Rui Vázquez fixo unha copia do texto, e interpolouno acontecementos da II Guerra Irmandiña. Esta versión, denominada *Corónica de Santa María de Iria*, coñecemola por sendos manuscritos do Arquivo da Catedral de Santiago e da Biblioteca Nacional de Madrid. En todo caso, no punto que nos interesa, tódolos manuscritos presentan unha versión fundamentalmente idéntica. De por parte, o esencial é que estes textos xorden nun momento, os finais da idade media, en que a decadencia do fenómeno peregrinatorio é case total.

entraba en aberta contradicción co *Pseudo-Turpín*, que, non o esquezamos, ademais de figurar no *Codex Calixtinus* (o cal lle confería unha grande autoridade) corría por aquelas datas tamén en versión galega. Esta volta ás tradicións locais seméllanos todo un síntoma da decadencia en que caera a peregrinación a Santiago a fins da Idade Media, e da conseguinte influencia foránea, especialmente francesa, en Compostela.

De por parte, é moi probable que nesta época a etimoloxía preferida para o nome da cidade fose *campus stellae*. Así se explicaría o silenciamento na *HI* e textos dependentes da solución que ofrecía o *CI* (*compositum tellus*). En todo caso, semella indiscutible que o escudo do Cabido, que despois tamén usou o Concello, en que aparece o sartego do Apóstolo alumeado por unha grande estrela está inspirado na primeira etimoloxía. Aínda que non sabemos exactamente cando comezou a empregarse o escudo, as primeiras mostras iconográficas del proceden dos finais do s. XV (*vid.* ilustración). O seu emprego xeneralizouse no curso do s. XVI (por exemplo, atópase na fachada do tesouro da Catedral de Santiago²⁹). Xa a primeiros do s. XVII, Mauro Castellá Ferrer tamén o reproduce na súa *Histoira* (*vid.* ilustración), relacionándoo explicitamente coa lenda da invención da tumba apostólica e o étimo *campus stellae*³⁰.

Durante o s. XVI a decadencia do fenómeno peregrinatorio acentúase considerablemente, e a finais do s. XVI e primeiros do s. XVII o prestixio espiritual de Santiago en España e o poderío económico da catedral xacobeana sofren serios desafíos. No que se refire ó aspecto espiritual, lémbrese que xa entre 1588 e 1593 xurdiran cuestións sobre a tradición da predicación de Santiago en España, que a propia Roma puxo en dúbida³¹. Pero a partir de 1617 o ascendente do Apóstolo sobre a igrexa española sofre un desafío máis serio, pois a raíz da

29. Esta pedra arqueira é considerada unha das máis antigas representacións do escudo do Cabido compostelán, que no s. XVII pasaría ser escudo do Concello.

30. CASTELLÁ FERRER (1610: 222r): “dieronle este nombre de *Campus Stelae* ... que es Campo de la Estrella, por la grande, y hermosa Estrella que aparecio sobre el cuerpo Apostolico, y su sepulcro antes, y al tiempo de su inuencion. Y desde entonces, assi el Santo Cabildo de la Yglesia Apostolica de Santiago, como la ciudad traen por Armas el mismo sepulcro en vn Campo con la Estrella encima, desta suerte [*e a seguir, aparece o gravado que reproducimos na nosa ilustración*].

31. En 1588 o papa Sixto V publicou unha bula na que se concedía que na diocese compostelá se puidese rezar pola Traslación de Santiago, o cal foi interpretado noutras dióceses españolas en sentido exclusivo. O cónego de Toledo, García de Loaisa, nunha colección de *Cánones* publicada en 1593, tamén puxo en dúbida a tradición da predicación de Santiago en España. O debate atinguíu un punto álxido cando o cardeal Cesare Baronio lle propuxo ó papa Clemente VIII que modificase a cláusula *Mox peragrata Hispania* [Iacobus] *ibique praedicato Evangelio, rediit Hierosolyman*”, que na nova edición apareceu como *Mox Hispaniam adisse et aliquos discipulos ad fidem convertisse apud Hispanos receptum esse affirmatur*. *Vid.* sobre isto LFH VIII: 336-9.

betificación de Teresa de Jesús, propúxose a esta como copatrona de España. Esta pretensión bateu coa oposición de varias igrexas, entre elas, obviamente, a de Santiago³², o cal deu lugar a unha profusa literatura polémica, que non cesaría nin sequera despois de que Urbano VIII fallase contra o patronato teresiano (1629-30)³³. No que se refire ó aspecto económico, debemos ter en conta que o período que vai de 1574 (data da publicación da *Crónica General de España* de Ambrosio de Morales) a 1630 (en que a disputa do patronato está resolta a favor de Santiago) é o de apoxeo da problemática do Voto de Santiago, en que se pon en cuestión esta fonte principal de recursos da igrexa compostelá. A principal estudiosa desta cuestión, Ofelia Rey Castelao, afirma “la nota fundamental de este nuevo período [1574-1630] es el carácter polémico que adquieren las cuestiones jacobeanas [...] Para establecer un cuadro general de la situación podemos decir que observan las siguientes características. a) Gran desarrollo de la temática jacobea en todos los planos. b) Desarrollo de cada uno de los aspectos de esta temática” (Rey Castelao 1985: 38).

De por parte, hai que dicir que non todo neste período é decadencia: de feito, durante o século XVII a cidade de Santiago coñece un grande pulo anovador, que se manifesta con todo o seu esplendor na admirable arquitectura barroca que aínda hoxe predomina na paisaxe urbana compostelá. Tamén durante o s. XVII, a literatura xacobeana coñece un pulo considerable, en boa parte aguillado polas polémicas a que fixemos referencia. Nesta literatura, os documentos auténticos ensaríllanse coas falsificacións nunha enguedellada maraña: a fins do s. XVI aparecen as primeiras versións do Flavio Dextro e aparecen os famosos chumbos de Granada e as reliquias e manuscritos do Sacromonte (unha parte dos escritos estaban atribuídos a san Cecilio, discípulo de Santiago). O Flavio Dextro será somaente o primeiro síntoma da febre dos falsos cronicóns que proliferaron todo ó longo do s. XVII e nos que se expresou o exhuberante imaxinario histórico da época barroca. En Galicia, un exemplo sobranceiro de tales falsificacións é a famosa *Historia Gótica ou Cronicon de don Servando*, que se forxou ants de 1650, en ambientes moi próximos ós que fraguaron a *MLC*.

Na propia Compostela, interésanos salientar dúas circunstancias de interese particular. A primeira, a revitalización, no derradeiro cuartel do s. XVI, do Gremio dos Cambeadores³⁴. A segunda, o xurdimento de novas tradicións arredor

32. Vid. sobre a cuestión J. FILGUEIRA VALVERDE (1925-1926) e O. REY CASTELAO (1985).

33. Vid. LFH IX: 55-60.

34. Vid. Monteagudo (en prensa) e a bibliografía a que alí se remite.

do culto ó apóstolo, coma a do bordón que segundo M. Castellá se admiraba na catedral, e que se dicía que fora atopado na súa tumba: “Es conocida cosa, que con el Santissimo cuerpo de Santiago se halló el Bordon, que solia traer en vida, pues aora está encaxado en vna columna de hierro dorada en la rexa del Coro, adonde le hazemos reuerencia, y es vno de los lugares de la estacion de Santiago”. (Castellá Ferrer 1610: 220v).

O propio M. Castellá testemuña tamén a fixación do escudo do Cabido e a cidade, ligado á explicación etimolóxica de Compostela como *Campus Stellae*: “Dieronle este nombre de Campus Stellae [...] que es el Campo de la Estrella, por la grande, y hermosa Estrella que aparecio sobre el cuerpo Apostolico, y su sepulcro antes, y al tiempo de su inuencion. Y desde entonces, assi el Santo Cabildo de la Yglesia Apostolica de Santiago, como la ciudad traen por Armas el mismo sepulcro en vn Campo con la Estrella encima, desta suerte” (222r), e a seguir, na p. 222v, reproduce o gravado da ilustración (*vid.*). Por certo que outro elemento iconográfico que reflicten os textos tardíos (*HIT* e *MLC*) é o detalle dos *tres moimentos* contidos na “casiña pequena de arcos de marmores” que atopou Teodomiro, e que nos remiten ás ilustracións da escena desde a Idade Media (*vid. supra*).

Outra cuestión de importancia, relativa á evolución xeral da mentalidade europea nos séculos XVI e XVII é o cuestionamento dos milagres, o interese pola mecánica de *como* se producen e poden ser recoñecidos³⁵. Neste época, e particularmente nos cronistas e tratadistas que tocan o tema xacobeo, as numerosas dúbidas e cuestións que presentaban as venerandas tradicións xacobeas comezan a ser pronunciadas en voz alta, co cal xorde o cuestionamento por falla de base histórica do tesouro de tradicións que se viñera arrequentando todo ó longo da idade media (a predicación do Apóstolo en España, a súa traslación, etc.).

Mesmo M. Castellá, un dos máis importantes tratadistas xacobeos do período, non pode eludir estas cuestións: “Aunque (como hemos visto) refiere la historia Compostelana la inuêcion del S. Cuerpo de Santiago, le falto dezir como supo el Obispo Theodomiro, que el cuerpo S. que estaba en aquel sepulcro era el de Santiago. Esto se halla en vna escritura de vna còcordia que hizo el Católico Rey D. Alfonso de VI entre el Obispo de Sâtiago D. Diego Pelaez, y el Abad Fagildo, afirmâdo, que en esta inuêciô huuo dos reuelaciones. La primera, que los Angeles reuelarô a vn Ermitaño [...] que estaua alli el Apostolico cuerpo de Sâtiago. Ña 2.

35. “This questioning of miracles in the sixteenth century and under other pressures led to discarding the concept of the miraculous in certain ‘scientific’ circles” (WARD: 22).

(en confirmacion desto), que se aparecieron sagradas luzes en este lugar a vnos Christianos [...]”³⁶ (Castellá Ferrer 1610: 218v-219r). Segundo Castellá, o propio bispo Teodomiro dubidou do testemuño do ermitaño (219r)³⁷. Así, aínda que o noso autor se indigna co Padre Mariana porque ousa afirmar “Argumenta quibus Apostoli corpus eo sepulchro contineri cognitum est, memoriae non sunt traditae” (*cit.* na p. 225v), el mesmo se lanza nunha longa disquisición xustificatoria, que se prolonga ata a p. 220v.

En definitiva, coidamos que a definitiva ‘resurrección’ da versión da *inuentio* da CA, que comeza abertamente en M. Castellá, e que aparece plena e explicitamente encaixada na *narratio* que ofrece a MLC, responde ós esforzos santiaguistas por atopar documentos e argumentos en favor das tradicións xacobeas. Por outra banda, xulgamos que a movencia textual da *narratio* galega desde as catrocentistas HI e CSM ata a setecentista MLC, coa moi probable mediación de HIT, e que supón a incorporación progresiva de novos elementos lexendarios vén responder ás novas demandas que os mudantes tempos lle presentan á propia tradición xacobeas. Así explicamos a recuperación do ermitán Paio³⁸, a aparición de estrelas ó lado dos lumes, o brillo dunha estrela máis cás outras, a referencia ó cartel ou *petrefedis*, que identificaba sen deixar lugar á dúbida os restos do Apóstolo, o acompañamento do bordón, a fundación dos Cambeadores.

Aínda así, quedannos por aclarar algúns puntos da MLC, sobre os que agardamos poder volver: a insistencia na presenza de *robres* e dun meirande cós outros, a identificación do apelido España e doutros do documento³⁹, a reconstrución da historia do gremio de Cambeadores no s. XVII. Secomasí, coidamos ter mostrado ó longo deste traballo como os textos que recollen a lenda compostelá da *inuentio* do sartego de Xacobe, coas súas mudanzas de ton e énfase, as variacións canto a personaxes, escenarios e *atrezzo*, as modificacións de aspectos da *narratio*, expresan o cambiante mundo das mentalidades e dos intereses dos homes que os produciron e os recibiron. No noso traballo non nos interesou auscultar estes textos por

36. Ofrece nha cita fragmentaria da CA.

37. Ofrece unha cita traducida da HI. Tamén manexou o diploma das “tres millas” de Afonso II.

38. Entre 1622 e 1626 temos noticias históricas da presenza dun ermitán instalado na recién reparada ermida do Monte do Gozo (LFH IX: 54). A coincidencia de datas entre estas novas e a redacción da MLC (1624) seméllanos moi estreita, polo que sospeitamos que existe unha relación, que non podemos concretar, entre a repopularización da lenda do ermitán Paio e a presenza deste ermitán na Compostela da época.

39. O redactor da MLC coñecía tamén o diploma de Afonso II das “tres millas”, o cal explica a presenza no documento do presbítero Brandela e doutros apelidos contidos no devandito diploma. Por certo que o recurso a este documento por parte do redactor da MLC mostra o seu afán por acudir a documentos antigos, e de camiño, a súa proximidade ós círculos do clero catedralicio.

angueira erudita, senón por tentar sentir o latexar da vida que bole no seu interior, para transmitir ó amable público da miña disertación o pulso vital que eles mesmos, coidei sentir, me comunicaron a min.

Henrique MONTEAGUDO ROMERO
Universidade de Santiago de Compostela

APÉNDICE. TEXTOS ANALIZADOS

Diploma “das tres millas” de Afonso II⁴⁰

c. 830

Adefonsus rex per huius nostre serenitatis iussonem damus et concedimus huic beato iacobo apostolo. et ibi patri nostro teodomiro episcopo tria milia in giro ecclesie beati iacobi apostoli. Huius enim beatissimi apli. pignora uidelicet sanctissimum corpus reuelatum est in nostro tempore. Quod ego audiens cum magna deuocione et supplicatione ad adorandum et uenerandum tam preciosum tesaurum cum maioribus nri. Palacii cucurrimus et eum sicum patronum et dominum tocius hyspanie cum lacrimis et precibus multis adorauimus. Et supradictum munusculum ei uoluntarie concessimus, et ob honorem eius ecclesiam construi iussimus. Et iriensem sedem cum eidem loco sancto coniunximus. Pro anima nostra et parentum nostrorum. Quatinus hec omina deseruiant tibi et successoribus tuis per secula cuncta. facta scriptura testamenti in era DCCCLXVII et quot. Pridie nonas septembris.

Ego adefonsus rex hoc meum factum confirmo.

Renamirus confirmo.

Sancius confirmo.

Oueco confirmo.

Brandila presbyter confirmo.

Ascarius abba confirmo.

Vitenandus confirmo.

1. CONCORDIA DO BISPO DE IRIA D. DIEGO PÁEZ CON FAXILDO, ABADE DO MOSTEIRO DE ANTEALTARES⁴¹.

17 de agosto de 1077

Era M.C..XV et quotum XVI kalendas septembris. Dubium quidem non est set multis manet notum, sicut testimonium beati Leonis didicimus Papae, quod

40. Editado en LFH II: 38.

41. Editado en LFH III: apéndices, 1-7. Publica outra copia do texto CARRO GARCÍA (1949). Refirence á CA LÓPEZ ALSINA (1985b) e MORALEJO ÁLVAREZ & LÓPEZ ALSINA (1993:250). Recentemente foi descuberto o traslado de 1435 de onde se tirou a copia de 1775 que serve de base á edición de J. CARRO. Dado que as variantes textuais non alteran substancialmente o contido do texto, que é o que aquí nos interesa, reproducimos a lectura de López Ferreiro.

beatissimus apostolus Iacobus Hierosolimis decollatus a discipulis Joppem asportatus, ibi non parvo tempore a Domino custodire ad ultimum Hispaniam navigio, manu Domini gubernante, sit translatum, et in finibus Galleciae sepultum per longa tempora mansit occultum.

Set quia lux in tenebris, vel lucerna sub modio diu latere non potuit, divina providente clementia temporibus serenissimi regis domini Adefonsi, qui vocatur Castus, cuidam anacoritae nomine Pelagius, qui non longe a loco in quo apostolicum corpus tumulatum jacebat, degere consueverat, primitus revelatum esse angelicis oraculis dignoscitur. Deinde sacris luminaribus quampluribus fidelibus in ecclesia sancti Felicis de Lovio commorantibus ostenditur; qui initio consilio iriensem episcopum dominum Theodomirum arcesiverunt sanctam visionem illi detegentes. Qui inito triduo ieiunio, fidelium caetibus agregatis beati Iacobi sepulchrum marmoreis lapidibus contectum invenit: qui maximo gavisus gaudio religiosissimum Regem praefatum vocare non distulit. Qui prout ut erat affectu castimoniae diligens sanctitatem statim in honore eiusdem Apostoli fabricata Ecclesia, et circa eandem alteram in honore beati Baptistae Johannis ante ipsa Altaria tertiam non modicam tria continentem Altaria [...]

Videns vero sanctissimus Abbas ordinem monasticum dum opus Ecclesia construeretur, ibi non perfecte observari posse secum cogitans ecclesiam parvulam ad opus Monachorum tria continentem Altaria Beati scilicet Petri Apostoli, et Beati Thome, et Beati Nicolas construxit, ubi antiquitus prefatus Pelagius celam habuit, et Altare Beati Pelagi Martiris construxit [...].

2. CRONICÓN IRIENSE⁴².

C. 1090.

[...] Theodomirus quindecimus episcopus fuit, tempore regis Adefonsi casti.

Sed cum Deus uoluit reuelari et notificari sepulchrum beatissimi Iacobi apostoli Theodemiro, nobili uiro et sanctissimo, notum fuit regi Adefonso, clarissimo uiro et sanctissimo, et tota sponte, cum summa reuerentia, uenit causa orationis ad beatum Iacobum apostolum, et ibi, cum lacrimis et assiduis orationibus, multa obtulit dona et tamen cautum ei fecit per Siaoniam et per Lestetum et per uillam Astructi, secus ecclesia Sancti Michaelis, et inde in Tamare; et honorem et dignitatem Hilliensis Ecclesie beato Iacobo et Theodemiro et successoribus suis perpetualiter contulit.

42. Publicado por GARCÍA ÁLVAREZ (1963: 2-240). A pasaxe que nos interesa está nas páxinas 110-11.

Et postea conuenerunt sapientes uiri, et dixerunt ad inuicem quo nomine uocaretur locus iste. Quidam dixerunt Locum Sanctum; quidam Liberum donum; quidam Compositum tellus, a quo dicitur Compostella. Et qui uoluerit dicere Hyriam, dicat propter Hyrim; et qui uoluerit dicere Hylliam, dicat propter filiam Troiani principis; et qui uoluerit dicere Bisriam, dicat propter duo flumina Sare et Uliam.

Et Theodemirus, quindecimus, factus est primus pontifex in sede beati Iacobi apostoli, diebus Caroli regis Francie et Adefonsi Hyspanie casti regis. Deinde Adefonsus castus in Asturias reuersus, ut uideret se cum Carolo magno, rege Francie, mortuus est.

3. HISTORIA COMPOSTELLANA I.1, I.2⁴³

C. 1110

I.1. Floruerat autem antiquitus in illo loco inter catholicae fidei cultores Christiana Religio: sed tempore presecutionis ingruente, & superba Paganorum tyrannide christiani nominis dignitatem conculcante, totus fere Christianae Religionis cultus longo jam tempore inde euanerat. In toto igitur tempore Sarracenorum, & et longo etiam tempore post restitutionem fidelium, veneranda Apostoli tumba nullius christiani accessu frequentata, fruticum sylvarumque spissitudine mansit diutissime cooperta, nullique usque ad tempus Teodomiri Iriensis Episcopi fuit revelata aut cognita [...].

I.2. *De revelatione corporis B. Jacobi fratris Joannis Apostoli & Evangelistae.*

Praenotatis autem Episcopis fertur successisse Teodomirus eadem Cathedra Divina disponente gratia sublimatus: in cuius tempore divinae majestatis omnipotentia Occidentalem Ecclesiam sepulchro tanti Apostoli revelato visitare & illuminare dignata est. Qualiter autem ei revelatum fuerit, sequens pagina patefacit. Quidam namque personati & magnae auctoritatis viri praefato Episcopo retulerunt se luminaria in nemore, quod super Beati Jacobi tumbam diuturna vetustate excreverat, nocturno tempore ardentia multotiens uidisse; ibique Angelos sibi frequentius apparuisse. Quo audito ipsemet ad eum locum, unde illi se talia

43. Edición de FLÓREZ (1765:8-9). Recentemente, tamén a editou FALQUE REY (1988, 8-9). Dado que o treito non presenta variantes significativas, reproducimos a edición de FLÓREZ, corrixindo unicamente a coma entre *domumculam* e *marmoream*, que altera o senso da frase.

vidisse afferebant, accessit, & luminaria in praedicto loco ardentia propriis oculis proculdubio aspexit. Divina igitur inspiratus gratia praefatum nemusculum festinanter adiit, & diligentius circumspectans, quamdam domunculam marmoream, tumbam intra se continentem, inter Sylvas & frutices invenit. Qua inventa Deo gratias referens, Casti Regis Adefonsi, qui tunc in Hispania regnabat, praesentiam incunctanter adivit, eique rem ut audierat & propriis oculis viderat, veraciter notificavit: ipse vero tantae audientiae gaudio diffusus citato calle has partes intravit: & ad honorem tanti Apostoli Ecclesiam restaurans, Episcopium Iliensis Sedis in hunc locum qui Compostella dicitur, multorum Episcoporum, ac Dei servorum, nobiliumque virorum auctoritate, atque Regali privilegio commutavit. Hoc autem sub tempore Karoli magni factum fuisse multis referentibus audivimus. TEODOMIRUS vero Episcopus tanto fidentius oculos mentis ad Caelestis patriae considerationem erigebat, quanto frequentius Beatum Jacobum post Basilicam sibi factam miraculis & virtutibus coruscare conspiciebat. Spe ergo Caelestium praeditus aliquanto interjecto tempore vitam securus essudit finali sorte interveniente.

[...]

4. PRIVILEXIO DO BISPO COMPOSTELÁN DIEGO XELMÍREZ Ó MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO⁴⁴.

1115

Antiqua priorum Patrum facta vel scriptis vel narrantium relatione cognita a successoribus bona intentionis devotione, satis videtur esse honestum ad memoriam revocari. Plerumque enim divina auxiliante clementia ad animarum profectum et corporis proficuum inde audientibus vitale tribuitur exemplum. Postquam vero Teodomiro reverendissimo Iacobi apostoli sacratissima revelatio et sancta tumulatio apud Compostellam, tempore principis domini Adefonsi Casti, qui post Sarracenorum ingressum construxit Ovetum, his diebus quibus Carlus Magnus Francie dominabatur, tunc dignis illustrium episcoporum testimoniis, cognita e reperta, presente eodem principe, honorifice consecratur et ubique divulgatur, communi consensu utile visum fuit, ut iriense episcopium ad hunc apostolicum transferretur locum, ubi antistites post Teodomirum, Ataulfus et item Ataulfus sanctam duxere vitam [...].

44. Editado en LFH III: apéndices, 97-103.

5. HISTORIA IRIENSE⁴⁵.

1444

[4r] ... e / despois da / morte do // Rei Bermudo foi eligido por Rei d. Alfonso o / casto era de oito-//centos e / vinte e nove anos. O / qual Reinou cincoenta e / dous anos // e cinco meses e / trece dias. E foi santo varon en / sua vida e / de // mui santa conuersaçõ. Ao cal deus teuo por ben de Reue-//lar o corpo do Apostole Santiago en / tempo do dito Rei don // Alfonso o casto ena / dita / era ena / maneira que agora oiredes. // Por Reuelaçon foi a alguns homes e / presoa de / grande auto-//ridade demostrado, e / auerta mente vian grandes lumes de // candeas arder noite e / dia nun monte mui espeso de muitas // arbore e siluas oito millas de / Yrea; e que / non / se apagauan // de / dia nen de / noite. E mais que ouuian ende continuamente // grandes cantares de Anjos: os quais se / foron ao dito Bispo // e / lle contaron a / dita / viseon o / cal quando o oyu, foi mui mara-//uillado, e / foise / co / eles ao / dito lugar; e / pola gracea de Deus /// [4v] que queria ilumear e onrrar a eygreje onde tal / perla e pre-//ceoso tesouro do corpo groreoso do Apostole Santg^o. o dito Bispo // por si mesmo viu as ditas candeas luminareas y / oyu os / ditos // cantares. e pola gracea / de / deus entrou ena espesidue do / mô-//te y achou vna casiña pequena de arcos de marmores; / e / dentro vna / tumba de moimento mui bô. A / qual asi achada // deu muitas graceas a / deus e / lançouse en / oraçon y en / jejun // e / foille reuelado que era ali sepultado o / corpo do Apostole // Santiago Zebedeu que auia oitocentos anos qua ali // jacía es-//condido naquel / monte e / siluas e / matos. Y / enton o dito Bispo / / foise al / Rey d. / Alfonso o / casto por / si / mesmo e / dixolle todo; // como a / ele pola gracia de deus foi arreuelado o / corpo do // Apostole Santiago, el Rey quando isto oyu ouuo gran / gozo // y / alegria polo S^r. Deus ter / por ben de / ilumear toda / España // por tan groceoso⁴⁶ e / preceoso [*sic*] tesouro; // e con gran Reuerencia ven en / Romeria ao santo lugar; e / con lagrimas e // continuas oraçons edificou e / dotou o / s^o. lugar con muitos dons // e / joyas, e / fezo couto

45. Editamos o texto do manuscrito da Biblioteca Vaticana, co título “De ecclesia Beatae Mariae Virginis / de Yria // in diocesi Bracarenis. // Ex bibliotheca compostellanae habuit // don Thomas Tamaio de Vargas // historiographus regius. // Es papel raro por no auer otro escripto // en la lengua gallega”. Atopamos a nova deste manuscrito, que é copia setecentesta que remite a 1444, en Mackenzie (1988). A versión da *Crónica de Iria* que copiou Rui Vázquez en 1467 foi editada por CARRO GARCÍA (1951). O anaco que nos interesa atópase nas páxinas 41-3 desta edición. Na nosa edición, usamos a barra oblicua / para indicar que separamos palabras que no ms. aparecen xuntas, e a dobre barra oblicua //, para indicar salto de liña no ms. Tamén ofrecemos algunhas notas sobre o texto.

46. *groceoso*: por *graceoso* ou *groreoso*. Probablemente a forma comentada resulte do cruce entre estas dúas.

por sionella e / por lestedo e por vilaestruiz // ata o / tamare; e / con cõsello y
 autoridade de / muitos Bispos // e / nobres varons por honrra e / Reuerencea de /
 tan grande Apos-//tole edificou ende mui grande e / nobre eygreje e / sigun que //
 agora vedes. E mudou o Bispado de / Yrea na s. Eygreje // do / Apostole Santiago
 pero que o / fezo sin licencia do Papa, a cal // licencea depois a / gran / tempo
 gonou⁴⁷ o Bispo Dalmaceo por // priuilegeo do Papa Vrbano que / lla / deu, pero
 [?] con tal [?] condiçõn // que / sempre a / se de / Yrea fose a / sigunda se / onrada
 que rege-//ron a Santa cathedra apostolica; foron os Bispos de Yrea, // fasta don /
 Diego Paez que / foi o vltimo Bispo de / Yrea, e / conten-//se / nos preuilegios da
 Eygreje de / Yrea que en / ela / son / sepultados // vinte e / oito Bispos santos, por
 Reuerencea dos quais ende / son // outorgadas vinte oyto carentenas de / perdon. /
 / Ena / Eygreje de / Santiago foron catorce Bispos e / tres Regedores // [5r] que á
 teueron por / tempos fasta o Bispo D. Diego Gelmírez que foi o // vltemo Bispo y
 o permeiro Arcebispo; o cal á regeu e / gouernou mui san-//tamente, sigun que
 adiante sera / dito. E desque o dito don Alfonso o casto // compriu sua Romaria
 tornouse / para as Estureas para / se / uer con Carlo // mano Rei de Francea, e /
 finouse nas Esturias; e / socedeu no / Reino, seu // sobriño Rei Ramiro fillo de
 Bermudo irman / de Froila, porque el // Rei don Alfonso no auia fillos. E / isto en
 tempo de / Teudomiro Bispo, // e foron estonces juntados muitos saudiores, sobre
 / Raçon de como cha-//maria a Eygreje donde yazia o corpo do Apostole / Santgº.
 e uns de-//cian que / lle chamasen Lugar Santo outros Liber donû, y / outros de-//
 cian que / lle chamasen Compostela, y / o dito s. Theudomiro foi o permeiro
 Bispo que regeu a / santa Sede do / Apostole / Santiago en / tempo // de
 Carlomano, Rei de Francea e / de / don Alfonso o casto Rei de Espa-//ña. E
 finouse o / dito Theudomiro Santo e Religeoso varon, e / soce-//deu en / seu /
 lugar Ateulfo.

6. VERSIÓN SERODIA DA HISTORIA IRIENSE⁴⁸.

primeiros do s. XVII?

“Tevo Deus por bem de revelar o Corpo do Glorioso Apostolo Señor Santiago Reynando en Galicia o dito don Afonso, e en Francia Carlo Magno, gobernando a igrexa Romana o Papa Leon III, na maneyra que agora oyredes.

47. *gonou*: seguro *lapsus calami* por *ganou*.

48. Reprodúceo HUERTA Y VEGA (1736:311), tirada dunha “Historia Iriense escrita en idioma gallego”. Respectei a ortografía de Huerta, con pequenos retoques na puntuación.

Por revelazon foi a un Home e personas santas demostrado, e apertamente vian grandes lumes de candeas arder de noite e de dia, e oian cantares Angelicales en un Monte moyto espeso con moytos Arbores e Sylvas, a doce millas de Iria, e que non se apagaban de dia nin de noite. Os caes se foron ao dito Obispo Theodomiros e lle contaron a dita vision, o cal cando o oyeu foi moito maravillado, e foisse co eles ao dito lugar, e por Si mesmo veu as ditas candeas e luminarias e oyeu os ditos cantares Angelicales, e por a gracia de Deus achou una Casiña pequena de arcos de marmores, e dentro tres Moymentos, e assi achada dou moytas gracias a Deus, e lanzandose en orazon, enxouxouse, e lle foi revelado que no Moymento mor era ali sepultado o Corpo do Apostolo, e o acharon enteyro co a Cabeza, segun fora degolado en Jerusalem, e ali arrimado a El o seu Bordon de Romeyro, e un Petrefedis con letras Latinas e Gregas que decian: *Aqui jaz JACOBÉ, Fillo del Zebedeu e de Salome, Hirmao de Jan, a quen matou Herodes en Jerusalem*”

7. MEMORIA DA FUNDACIÓN DA CONFRARIA DE CAMBEADORES⁴⁹.

C. 1620 (copia do s. XVIII).

“Memoria do que contem á fundacion dos Cambeadores da Iglesia de Santiago, è como apareceu ò corpo de SANTIAGO todo enteyro, que estava escondido nua Cova labrada con dous Arcos de pedra, debayxo da terra, nun Moymento de marmor, no meu do Monte do Burge de Libredon, abaijo do Castro de San Fiz de Solobio, é termos de Bonaval, donde està outro Castelo, chamado do Caminho, que vay direyto à Seë do Apostolo.”

“San Fiz era Pobo de CCC Mouradores, que jaz arriba do outro Castelo; havie [*sic*] abaijo do Libredon, à par do Val do Inferno, un Monte grande, aberto de Matas, è Robres muyto furiosas, é no meu de èl se oian cantos, è vian lumes, è Estelas, y no meu estaba un robre mais grande, è alto que todos, è sobre de èl se puña ua Estela mais grande que as outras. Avisou San Payo Hermitaño, que decia Missa á os Mouradores de San Fiz, á Theodomiros, Bispo de Iria-Flabia, que logo veu co Presbyteros, è Homes, é chegou à XXIII de Julio à Solobio, e se meteu co os seus Homes dentro do Castelo, que era alto, è era dun Cabaleyro do nome de España [*sic*], donde decendia Theodomiros, è aa mea noyte se viron as tantas luzes, è Estelas, é à grande no meu encima do Robre, è pola mañan cantou Missa ò santo Bispo en Solobio, é se foy à aquel lugar onde estaba ò alto Robre,

49. Transcrito por HUERTA Y VEGA (1736:311-12 e 342-3). *Vid.* o noso artigo Monteagudo (en prensa).

desfacendo è cortando à espesidume dos Robres, fasta que chegaron onde estaba à Santa Coba, é entrou dentro, é viron, que estaba labrada, é con dous Arcos, é ò Moymento debaixo dun Altar pequeno, è incima unha Pedra, è a os lados outros dous Moymentos que non eran de tanto altor, è puseromse en orazon, è jajuaron todo ò pobo, è abriron o do meo por inspirazon de Deus, e viron ser ò Santo Corpo do Apostolo, è que tiña à Cabeza courtada, è ò Bordon dentro nun letreyro que dicia: *Aqui jaz JACOBO Filho do Zebedeo è de Salomè, Hirmao de San Juan, que matou Herodes en Jerusalèm, è veo por Mar co os seus Discipulos fasta Iria Flavia de Galicia, è veo nun Carro è Bois de Lupa, Señora deste Campo; è daqui non quiieron passar mais adiante; è San Cicilio Discipulo dó Apostolo le fez, estando juntos os mais Dicipulos.*

“E estaba escrito esto en Grego é Latiño dentro do Moymento. E en XXV de Julio se descubreu”.


“E logo ò Santo Obispo se foe à dàr noticia à Santo Rey Don Alfonso, que estaba na Terra de Oviedo, è sin deterse logo veu, coos Prelados, è Ricos-Homes adorar ò Santo Corpo, è dou ricos dos, è mandou facer Eyreja de pedra, è de tapeas de terra, è que se fesessen Casas, è que se morassen; dando à o Bispo todo aquel Señorio, è ò derredor tres Millas. E sabido por todo ò Mundo, logo acuderon [*sic*] tantas Gentes, que era milagro, è daban seus dos è esmolas, os Cregos, è tragian tantos diñeyros de Prata, è de Ouro, que non eran conosciados; è moytos malditos Homes mataban, è roubaban os Romeyros, ansi na Cidade, como fora dela; desto deron aviso à ò Santo Rey, è mandou por sua Carta Real à Brandela, Presbytero, seu Capelan Mor, fosse à Compostela de Galicia, y que dos mais altos Homes Fillosdalgo dela, è dos Poboadores, que nela estiveren [*sic*], juntasse ante ò Apostol doce, que cuydassen das Moedas, Ouro, è Prata, è outros haberes, que viñan de longas Terras, que tragian os Romeyros, è que estos Homes Fillosdalgo estuviessen [*sic*] ante a Porta do Camiño, junto da Eyreja, è cada un possesse ali suas Taboas doradas, y pintadas, con suas Arcas, y balanzas, è dentro diñeyro, è Moedas, è que as cambaessen, e que tuviessen [*sic*] seus Homes, è que fossen Zuribiesses, que assistiessen [*sic*] co eles; è que non fossen Mouros, nin Judeus; è que pudiessen [*sic*] rescibir outros Homes, que fossen Fillosdalgo, de Cavaleyros, è seus Fillos, è fesessen Hermandad en honra do Apostolo, è de Santo Ilafonso; è das ganancias se pagassen, è de noyte pusiessen [*sic*] Cyrios, que alomeassen ante ò Apostolo, à os Perigrinos; è dos primeyros foron: Urenacido de España, Ascanio Arias, San-Dego Bermudez, Juannes Galos, Ramiro Gonzalvez, Fernando Locan, Abril Perez, Xerpe Guillelmez, Eleca Reymondez, Nuño de Reyno, Abreal Ximenes, Bernaldo Eans. E que non pudiessen [*sic*] ser Homes Fillos de Barraganes, è de Barraganas; è que estos homes sempre fossen muy acatados, è premeados do Rey, è que traten toda verdad [*sic*]”.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- ALONSO (1954) = Dámaso ALONSO, *La primitiva épica francesa a la luz de una "Nota emilianense"*, CSIC, Madrid, 1954.
- BARREIRO SOMOZA (1987) = José BARREIRO SOMOZA, *El señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela (siglos IX-XIII)*, Diputación provincial de La Coruña, A Coruña, 1987.
- CARRO GARCÍA (1951) = Jesús CARRO GARCÍA, *Coronica de Santa María de Iria (códice gallego del siglo XV)*, (=Cuadernos de Estudios Gallegos, Anejo V), Santiago de Compostela, 1951.
- CASTELLÁ FERRER (1610) = Mauro CASTELLÁ FERRER, *Historia del Apostol de Jesús Christo Santiago Zebedeo, patrón y capitan general de las Españas*, Madrid, 1610.
- CARRO GARCÍA (1949) = Jesús CARRO GARCÍA (1949), "La escritura de concordia entre don Diego Peláez, Obispo de Santiago, y san Fagildo, abad del monasterio de Antealtares", *Cuadernos de Estudios Gallegos* IV (1949), 111-122.
- DE MENACA (1987) = Marie de MENACA, *Histoire de Saint Jacques et de ses miracles au Moyen-Age*, Université de Nantes, Nantes, 1987; 65-77.
- DÍAZ Y DÍAZ (1983) = Manuel C. DÍAZ Y DÍAZ, "Reflexiones sobre la *Historia Compostellana*", *El Museo de Pontevedra* 37 (1983), 67-74.
- (1988) = Manuel C. DÍAZ Y DÍAZ, *El códice calixtino de la catedral de Santiago. Estudio codicológico y de contenido*, Centro de Estudios Jacobeos, Santiago de Compostela, 1988.
- ELORDUY (1962) = Eleuterio ELORDUY, "La tradición jacobea de Galicia en el siglo X", *Hispania* 22 (1962), 323-356.
- FALQUE REY (1988) = Enma FALQUE REY, *Historia Compostellana*, Turnholt, Brepols, 1988.
- FILGUEIRA VALVERDE (1925-1926) = José FILGUEIRA VALVERDE, "Nuevos documentos para la historia del patronato jacobeo", *Boletín de la Real Academia Gallega* XIV (1925), 189-96, 216-22, 140-44, 192-300 e XV (1926), 14-18.
- FLETCHER (1992) = Richard A. FLETCHER, *A vida e o tempo de Diego Xelmírez*, Galaxia, Vigo, 1992.
- FLÓREZ (1765) = Henrique FLÓREZ, *España Sagrada. Tomo XX*, Eliseo Sánchez, Madrid, 1765.
- GARCÍA ÁLVAREZ (1960) = Manuel R. GARCÍA ÁLVAREZ, "Sobre la etimología de Compostela", *Compostellanum* V (1960), 415-429.
- (1961) = Manuel R. GARCÍA ÁLVAREZ, "Cuando comenzó a usarse el topónimo Compostela", *Compostellanum* VI (1961), 205-209.
- (1963) = Manuel R. GARCÍA ÁLVAREZ, "El *Cronicón Iriense*", no Tomo L do *Memorial Histórico Español. Colección de documentos, opúsculos y antigüedades que publica la Real Academia de la Historia*, Madrid, 1963; pp. 2-240.
- HUERTA Y VEGA (1736) = FRANCISCO X. de la HUERTA Y VEGA, *Anales del Reino de Galicia. Tomo Segundo*, Ignacio Guerra, Madrid, 1736.

- LÓPEZ (1916) = Atanasio LÓPEZ, *Estudios crítico-históricos de Galicia. Primera serie*, El Eco Franciscano, Santiago, 1916.
- LÓPEZ ALSINA (1985a) = Fernando LÓPEZ ALSINA: “Os tumbos de Compostela: tipoloxías dos manuscritos e fontes documentais”, en Manuel Díaz y Díaz, Fernando López Alsina & Serafín Moralejo ‘Alvarez, *Os tumbos de Compostela*, Edilan, Madrid, 1985; 121-135.)
- (1985b) = Fernando LÓPEZ ALSINA, “Le concordat de Antealtares”, *Santiago de Compostela. 1000 ans de Pelèrinage Européen*, Gand, 1985; 203-4.
- (1988) = Fernando López Alsina, *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta edad media*, Ayuntamiento de Santiago de Compostela / Centro de Estudios Jacobeos / Museo Nacional de las Peregrinaciones, Santiago, 1988.
- LFH = Antonio LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*, XI vols., Seminario Conciliar Central, Santiago de Compostela, 1898-1909. [Nos envíos a esta obra, específico o volume a que me refiro en números romanos despois da sigla LFH.]
- MACKENZIE 1988 = David MACKENZIE, “¿Unha crónica en galego de Xan Rodríguez do Padrón?”, en V. Beltrán (ed.), *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, PPU, Barcelona, 1988; 419-22
- MENÉNDEZ PIDAL (1943) = Ramón MENÉNDEZ PIDAL, *La España del Cid*, Espasa Calpe S.A., Buenos Aires, 1943 (2ª ed.).
- (1959) = Ramón Menéndez Pidal, *La Chanson de Roland y el neotradicionalismo*, Espasa Calpe S.A., Madrid, 1959.
- MONTEAGUDO (EN PRENSA) = Henrique MONTEAGUDO, “Noticia dun texto en prosa galega do s. XVII: “Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores”, en R. Lorenzo (ed.), *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, en prensa.
- MORALEJO ÁLVAREZ & LÓPEZ ALSINA (1993) = Serafín MORALEJO ÁLVAREZ & Fernando LÓPEZ ALSINA (eds.), *Santiago Camiño de Europa. Culto e cultura na peregrinación a Compostela*, Fundación Caja Madrid / Xunta de Galicia / Arcebispado de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993.
- MORALEJO LASSO (1977) = Abelardo MORALEJO LASSO, *Toponimia gallega y leonesa*, Pico Sacro, Santiago, 1977.
- PIEL (1962) = Josep M. PIEL, “El topónimo Compostela”, *Compostellanum* VII (1962), 163-166.
- PORTELA PAZOS (1957) = Salustiano PORTELA PAZOS, “Origen del topónimo Compostela”, *Compostellanum* II (1957), 681-695.
- REY CASTELAO (1985) = Ofelia REY CASTELAO, *La historiografía del Voto de Santiago*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1985.
- VAAMONDE LORES (1934-36) = César VAAMONDE LORES, “De monetaria gallega: Fundación de la Fábrica de Moneda de Jubia y noticia de sus acuñaciones”, *Boletín de la Real Academia Gallega* XXII (1934-1936), 10-19, 62-8, 98-107, 113-8, 141-50, 182-9, 207-16, 249-64, 284-91.

WARD (1987) = Benedicta Ward, *Miracles and medieval mind*, Wildwood House Limited, Hants, 1987 (2ª edición revisada).




Tumbo A. Catedral de Santiago.



*Privilegio de Voto de Granada.
Alcalá de Henares, 1492 (copia impresa).*

Historia del Apostol Santiago.



Mauro Castellá Ferrer (1610), Libro III, fol. 222 v.